

## EXCMO. SR. ALCALDE

Os Grupos políticos con representación no Concello da Coruña, PSdeG-PSOE e no seu nome a portavoz **Carmen Marón Beltrán**, PP e no seu nome o portavoz **Carlos Negreira Souto**, e BNG e no seu nome o portavoz **Henrique Tello León**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal presentan a seguinte **MOCIÓN CONXUNTA** para o seu debate en pleno relativa á "Saneamiento da Ría do Burgo"

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ría do Burgo ten sufrido nas últimas décadas as consecuencias ambientais dunha área metropolitana con unha alta densidade de poboación sumado a un entorno industrial e empresarial, sin tratamento e depuración das súas augas residuais, o que ten repercutido na súa diversidade e mais directamente na pesca e no marisqueo.

Non obstante, nos últimos anos tense feito un esforzo técnico e orzamentario no control das augas, na canalización e principalmente no referido ao saneamento.

Historicamente, tense realizado un intenso traballo parlamentar que deu lugar a que o goberno do Estado adicase nos últimos anos partidas orzamentarias para sanear a Ría Burgo e construír a depuradora de Bens.

Nestes momentos estase a construír a Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) máis o Emisario de Bens que serán unha realidade no último semestre do 2009. Esta importante actuación, cunha inversión de mais de 131 millóns de euros, é en gran medida a resposta necesaria para a recuperación da nosa ría e do seu entorno.

Esta obra sumase á aposta decidida feita polo Concello da Coruña para avanzar na canalización de toda a rede de alcantarillado da cidade, que se ten abordado nos últimos anos e que nestes momentos é unha prioridade máxima para o Goberno Municipal.

Esta actuación ten como fin completar no plano municipal o ciclo integral da auga, que garanta o servizo e a calidade do mesmo, favorecendo o medio ambiente e as políticas sostibles.

Da mesma maneira, a Xunta de Galicia ten endurecido os controles con fin de mellorar a situación da ría do Burgo, declarada zona C por mor da contaminación e degradación ambiental, por tanto existe o compromiso de traballar nesta línea por parte de todas as administracións implicadas. Así, a mesma administración do Estado recolle nos orzamentos de 2008 unha importante partida para realizar un estudo, diagnose e tratamento da situación da Ría do Burgo.

Por todo isto, os grupos municipais asinantes propoñemos a adopción do seguinte acordo:

### **MOCIÓN**

O Concello Pleno da Coruña manifesta o seu compromiso de continuar, en cooperación coa Xunta de Galicia e da Administración do Estado, as accións para conseguir a completa rexeneración e recuperación da ría do Burgo para o marisqueo e solidarízase coas demandas sociais encamiñadas a recuperar a ría.

A Coruña, 4 de xuño de 2008

Carmen Marón Beltrán  
Voceira PsdeG-PSOE

Henrique Tello León  
Voceiro BNG

Carlos Negreira Souto  
Voceiro PP